

2.1. mercado de traballo

Este apartado céntrase no estudio das diferentes variables relacionadas co mercado de traballo galego, para o que se terá en conta a información facilitada pola Enquisa de Poboación Activa (EPA) –elaborada polo CES-Galicia en medias anuais–, o Instituto Nacional de Empleo (INEM), a Dirección Xeral de Relacións Laborais, o Consello Galego de Relacións Laborais e o Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales.

A primeira parte do estudio está dedicada á análise dos datos de afiliación á Seguridade Social, que experimentou un crecemento do 3,4% respecto ó ano anterior (preto de 28,9 miles de afiliacións máis), para acadalos 880,1 miles de persoas.

Posteriormente, analízanse os datos facilitados pola Enquisa de Poboación Activa. Unha primeira aproximación á situación do mercado de traballo está recollida no **cadro C.2.2.** (*Prin-*

cipais datos do mercado de traballo 1999-00), que reflicte un descenso da taxa de desemprego (EPA) no ano 2000: sitúase no 14,8%, fronte ó 16,2% do ano anterior. No ano 2000 prodúcese un crecemento do emprego neto, xa que o aumento da poboación ocupada en 44.900 persoas absorbe a medra da poboación activa (34.100) e reduce en 10.800 persoas a poboación parada.

O aumento da poboación activa no último ano dá continuidade á tendencia iniciada no ano 1998 e é o primeiro crecemento cuantitativo importante dos últimos tempos. Este incremento é de gran relevancia, sobre todo tendo en conta que a poboación maior de 16 anos só medrou en 7.500 persoas, polo que case todo o aumento dos activos se debe a unha maior participación da poboación no mercado de traballo.

Respecto ó crecemento do emprego en Galicia, por primeiro ano presenta valores practicamente iguais á media española e mesmo algo

favorables a Galicia, que aumentou un 4,8% fronte ó 4,7% de media no conxunto do estado.

Cabe salienta-la diferenza existente entre os datos do sector agrario recollidos na EPA e na Seguridade Social. Fronte ó descenso reflectido por este último organismo, a EPA sinala un aumento de 1.800 persoas ocupadas no sector agrícola. Este é un aspecto de difícil valoración, xa que apunta contra o que leva sendo un proceso permanente nas últimas décadas: a caída intensa e continuada do emprego agrario, en especial en períodos de creación de emprego noutros sectores.

O terceiro apartado, dedicado ós datos rexistrados polas oficinas de emprego da Xunta e polo INEM, recolle variables como o paro rexistrado, ofertas e demandas de emprego, colocacións rexistradas ou número de contratos de traballo rexistrados. Destes datos tírase un aumento dun 6,7% na demanda de emprego rexistrada, así como un crecemento dun 7% das colocacións respecto a 1999. Do total das colocacións, o 69,7% correspondeu a persoas cun nivel primario de estudos e só unha mínima parte foi a persoas sen formación de ningún tipo.

Atendendo ós diferentes tipos de contratos, dos 682.109 contratos asinados no ano 2000, o 6% corresponderon a contratos de duración indefinida, producíndose neste ano un crecemento neste tipo de contratos do 18,8% respecto ó ano anterior. Do conxunto global de contratos, o 80,2% correspondeu a contratos por obra ou servicios, contratos eventuais segundo as circunstancias da produción ou contratos a tempo parcial.

Posteriormente, analízanse a situación da temporalidade, que presentou unha evolución negativa no ano 2000, as empresas de traballo temporal (ETT) en función do número de empresas e de contratos de posta a disposición, e o problema da sinistralidade. As fontes de información empregadas para esta análise son a EPA, o *Informe da Sinistralidade Laboral en Galicia* da Dirección Xeral de Relacións Laborais e o Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales.

Respecto á sinistralidade, o número de accidentes e enfermidades profesionais con baixa en xornada laboral ascendeu a 43.590, o que significa un incremento do 5,3% respecto ó ano anterior. Por provincias, Pontevedra foi a provincia que maior número de accidentes rexistrou, con 18.147, sendo o seu crecemento do 3,6%, seguida de A Coruña con 17.080, un 6,7% máis que en 1999.

Aumenta o índice de incidencia en Galicia, pasando do 60,3 en 1999 ata o 61,9 do ano 2000. En España este índice segue a mesma tendencia, pasando de 72,8 ata o 75,8 do 2000.

Finalmente, preséntanse unha serie de cuestións relacionadas coas relacións laborais como son a negociación colectiva, a regulación de emprego, a conflictividade laboral ou os custos laborais. Para esta análise, tense en conta os datos facilitados pola Dirección Xeral de Relacións Laborais, o Consello Galego de Relacións Laborais, o Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales na súa *Encuesta de coyuntura laboral*, e o INE na *Encuesta de salarios en la industria y servicios*.

Datos da Seguridade Social

O número medio de traballadores afiliados en alta laboral en Galicia no ano 2000 ascendeu a 880.091 persoas, o que representa un crecemento do 3,4% respecto ó ano anterior (28.857 persoas máis). Comparado co crecemento experimentado o ano anterior, no ano 2000 prodúcese unha desaceleración nas taxas de crecemento do número de afiliacións, tanto a nivel galego no seu conxunto, como nas diferentes provincias.

Atendendo á súa distribución por réximes, o **cadro 2.1.1.** reflicte que o réxime xeral e da minería do carbón acolle a meirande parte dos afiliados, con 598.245 traballadores, o que significa o 68% do total dos afiliados en Galicia. Comparado co ano anterior, o número de afiliados neste réxime medrou un 5,1%, incremento 0,6 puntos inferior ó experimentado pola poboación asalariada no mesmo período.

CADRO 2.1.1.
Traballadores en alta laboral 1999-00 (1): distribución segundo reximes

	1999				
	Total	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
	(en miles)				
Rexime Xeral e da Minería do Carbón	569,3	242,4	62,4	62,0	202,6
Réxime Especial Agrario	79,2	26,7	27,8	10,1	14,6
Réxime Especial Autónomo	159,9	64,5	20,8	22,2	52,3
Réxime Especial do Mar	30,3	7,5	2,3	-	20,4
Réxime Especial Empregados Fogar	12,5	5,4	1,5	1,8	3,8
Total	851,2	346,7	114,8	96,1	293,6

	2000				
	Total	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
	(en miles)				
Rexime Xeral e da Minería do Carbón	598,2	253,0	65,5	64,5	215,2
Réxime Especial Agrario	74,8	25,3	26,6	9,2	13,7
Réxime Especial Autónomo	163,5	65,9	21,3	22,6	53,7
Réxime Especial do Mar	30,8	7,6	2,3	-	20,9
Réxime Especial Empregados Fogar	12,7	5,4	1,6	1,8	3,9
Total	880,1	357,3	117,3	98,2	307,4

(1) en medias anuais
Fonte: JGE

CADRO 2.1.2.
Traballadores afiliados á Seguridade Social 1999-00: distribución segundo ramas da CNAE-93

	media 1999		media 2000	
	(número)	(% / total)	(número)	(% / total)
Actividades agrícolas	84.609	9,9	80.103	9,1
Pesca	28.926	3,4	29.413	3,3
Minería enerxética	289	0,0	271	0,0
Minería non enerxética	5.989	0,7	6.242	0,7
Alimentación	23.106	2,7	24.183	2,7
Téxtil, confección e coiro	19.688	2,3	20.930	2,4
Madeira	13.184	1,5	13.386	1,5
Papel e edición	6.178	0,7	6.611	0,8
Refinado do petróleo	576	0,1	580	0,1
Química	3.069	0,4	3.639	0,4
Caucho e plástico	3.075	0,4	3.265	0,4
Productos minerais non metálicos	12.287	1,4	12.021	1,4
Metallurxia e produtos metálicos	17.633	2,1	18.452	2,1
Maquinaria	5.298	0,6	5.035	0,6
Material eléctrico e óptico	6.888	0,8	7.206	0,8
Material de transporte	23.988	2,8	25.232	2,9
Fabricación de mobles	6.348	0,7	6.397	0,7
Reciclaxe	245	0,0	324	0,0
Electricidade, gas, auga	5.165	0,6	4.879	0,6
Construcción	97.866	11,5	103.462	11,8
Venda e reparación vehiculos, gasolineras	23.318	2,7	24.279	2,8
Comercio	133.244	15,7	138.748	15,8
Hostalería	48.801	5,7	50.872	5,8
Transporte e viaxes	36.711	4,3	38.728	4,4
Correos, banca, e outros servizos	80.715	9,5	86.224	9,8
Administración, educación, sanidade e outros	118.604	13,9	123.881	14,1
Fogares e outros	45.438	5,3	45.728	5,2
Total	851.238	100	880.091	100

Fonte: JGE

Ó igual que en 1999, no ano 2000 prodúcese un aumento nos diferentes réximes agás no réxime especial agrario, onde o número de afiliacións diminúe un 5,6% respecto ó ano anterior (4.463 afiliados menos), sendo este descenso 7 décimas superior ó descenso de 1999 (4,9%).

As catro provincias galegas presentan un aumento no seu número de afiliacións, sendo a provincia de A Coruña a que rexistra o maior número de afiliados, con 357.277 persoas máis (un 3,1% superior ó rexistrado o ano anterior). A provincia de Pontevedra foi a que experimentou o maior crecemento, con 13.752 afiliados máis que en 1999 (o 4,7%) ata chegar ós 307.392 afiliados. Nas provincias de Lugo e Ourense, houbo un total de 117.264 e 98.163 afiliados en alta laboral, o que significou un 2,1% máis en cada provincia.

O **cadro 2.1.2.** reflicte a desagregación do número total de afiliacións en alta laboral por sectores e ramas de actividade. O sector servizos, con 508.460 afiliados, acolle o 57,7% dos traballadores afiliados en alta laboral (un 4,4% máis que no ano anterior), seguido do sector industrial, con 158.653 afiliados (5.596 máis que en 1999), que representan o 18% das afiliacións en Galicia. O sector da construción, 103.462 afiliacións, foi o que experimentou en termos relativos un maior crecemento ó aumentar un 5,7% respecto ó ano anterior (5.596 afiliados máis).

O sector primario foi o único que presentou un descenso no número de afiliados en alta laboral. No ano 2000 este acadou os 109.516 afiliados, 4.019 menos que en 1999, o que significou un descenso do 3,5%. Atendendo á evolución das afiliacións nas distintas ramas de actividade, este descenso ven explicado pola caída das afiliacións na agricultura, gandería, caza e silvicultura, xa que na rama pesqueira o número de afiliacións medrou no ano 2000.

O peso relativo das ramas agrícolas no total galego no ano 2000 foi do 9,1%, fronte ó 9,9% do ano anterior, mentres que no caso da rama

pesqueira, esta porcentaxe foi do 3,3%, fronte ó 3,4% do ano anterior.

No caso das ramas industriais, destaca a importancia relativa dos subsectores de material de transporte e o de alimentación, que representan o 2,9% e o 2,7%, respectivamente, do total de afiliacións de Galicia. No sector servizos, o subsector comercio acolle o 15,8% e o da administración, educación, sanidade e outros, o 14,1%.

Datos EPA

• *Taxa de actividade*

A taxa de actividade de Galicia medrou no ano 2000, pasando do 48,45% do ano 1999 ata o 49,78% do 2000. A diferenza do acontecido no ano anterior, este crecemento prodúcese tanto no caso dos homes como no das mulleres, pasando no caso dos homes de 59,20% de 1999 ós 60,35% do 2000, e no caso das mulleres medrante o 38,85% ata os 40,22% do 2000. A pesar de presentar a taxa de actividade feminina un maior crecemento que ó dos homes, segue existindo unha diferenza superior a 20 puntos entre ámbalas dúas.

Atendendo á desagregación por grupos de idades, o **cadro 2.1.3.** amosa que no ano 2000, a diferenza do acontecido no ano 1999, prodúcese un aumento da taxa de actividade galega en tódolos grupos de idades. Non obstante, no caso dos homes, hai un descenso da taxa de actividade no grupo de persoas de idades comprendidas entre os 25 e 54 anos, e no caso das mulleres, a taxa de actividade descende no caso daquelas con idades comprendidas entre os 16 e 19 anos.

• *Poboación ocupada*

Os datos da EPA amosan unha evolución positiva da ocupación en Galicia, que aumentou un 4,8% en relación ó ano anterior para situarse o nivel medio de ocupación do ano 2000 en 986,6 miles de persoas, fronte ás 941,7 miles de persoas do ano anterior.

CADRO 2.1.3.

Taxas de actividade 1999-00

	1999	2000	00/99
Homes			
16-19	22,33	28,33	26,9
20-24	59,03	60,35	2,2
25-54	91,10	90,88	-0,2
55 e máis	22,43	23,35	4,1
Total	59,20	60,35	1,9
Mulleres			
16-19	13,10	12,98	-1,0
20-24	49,18	51,28	4,3
25-54	65,38	66,73	2,1
55 e máis	12,30	13,78	12,0
Total	38,85	40,23	3,5
Ambolos dous sexos			
16-19	17,75	20,43	15,1
20-24	54,18	55,98	3,3
25-54	78,00	78,83	1,1
55 e máis	16,60	17,93	8,0
Total	48,45	49,78	2,7

Fonte: IGE, Enquisa de Poboación Activa

CADRO 2.1.4.

Poboación ocupada 1999-00: distribución segundo sexo e grupos de idade

	1999	2000	00/99
Homes			
	<i>(en miles de persoas)</i>		%
16-19	12,8	14,2	10,5
20-24	49,3	55,0	11,7
25-54	433,9	446,2	2,8
55-e máis	78,0	81,8	4,9
Total	573,9	597,1	4,1
Mulleres			
16-19	5,5	5,2	-5,5
20-24	28,8	31,5	9,3
25-54	275,0	287,4	4,5
55-e máis	58,5	65,6	12,1
Total	367,8	389,5	5,9
Ambolos dous sexos			
16-19	18,3	19,3	5,6
20-24	78,1	86,5	10,8
25-54	708,9	733,5	3,5
55-e máis	136,4	147,3	8,0
Total	941,7	986,6	4,8

Fonte: IGE, Enquisa de Poboación Activa

Dende o punto de vista da súa distribución por sexo e idade, o **cadro 2.1.4.** amosa que o aumento da poboación ocupada produciuse en tódolos intervalos de idade (no ano anterior tan só medrou a poboación ocupada comprendida entre 25 e 54 anos). Esta mesma tendencia produciuse no caso da poboación ocupada masculina, en tanto que no caso das mulleres prodúcese

un descenso no número de ocupadas pertencentes ó grupo de idades entre 16 e 19 anos.

O **cadro 2.1.5.** reflicte a distribución sectorial da poboación ocupada, onde, a diferenza do sinalado polos datos da Seguridade Social e do acontecido nos anos anteriores, a poboación ocupada no sector primario aumentou un 2,3%

CADRO 2.1.5.

Poboación ocupada 1999-00: distribución segundo sectores económicos

	1999			2000			00/99		
	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
	(en miles de persoas)						%		
A Coruña	232,2	148,0	380,2	241,2	152,1	393,4	3,9	2,8	3,5
Agricultura	15,7	25,7	41,4	16,9	25,0	41,9	8,0	-2,9	1,3
Pesca	12,4	1,6	14,0	12,8	3,2	15,9	2,6	96,9	13,4
Industria	48,7	19,6	68,3	48,3	22,2	70,5	-0,9	13,4	3,2
Construcción	42,2	1,7	43,9	44,2	1,8	46,0	4,7	4,3	4,7
Servicios	113,2	99,4	212,6	119,0	100,1	219,1	5,2	0,7	3,1
Lugo	80,8	51,4	132,2	82,6	57,5	140,1	2,2	11,9	5,9
Agricultura	26,1	23,3	49,5	27,2	25,7	52,9	4,1	10,0	6,9
Pesca	2,8	0,2	3,0	3,0	0,6	3,6	6,2	200,0	21,0
Industria	9,9	2,1	12,0	10,4	2,9	13,3	4,5	41,5	10,6
Construcción	11,2	0,5	11,7	11,6	0,6	12,1	3,3	15,0	3,6
Servicios	30,7	25,4	56,1	30,4	27,8	58,2	-1,0	9,4	3,7
Ourense	64,2	44,9	109,1	70,5	47,4	118,0	9,9	5,6	8,2
Agricultura	6,4	8,4	14,8	8,9	10,2	19,2	39,5	21,4	29,4
Pesca									
Industria	14,5	4,9	19,4	15,1	5,0	20,1	3,8	1,5	3,2
Construcción	13,0	0,2	13,3	14,3	0,5	14,7	9,4	100,0	10,7
Servicios	30,3	31,3	61,6	32,3	31,8	64,0	6,8	1,4	4,0
Pontevedra	196,7	123,6	320,2	202,8	132,5	335,2	3,1	7,2	4,7
Agricultura	11,6	22,0	33,6	7,7	19,5	27,2	-33,8	-11,1	-19,0
Pesca	12,6	4,2	16,8	12,8	3,7	16,5	2,0	-13,1	-1,8
Industria	52,9	16,5	69,3	54,0	17,7	71,6	2,1	7,4	3,3
Construcción	35,1	0,9	36,0	41,8	2,0	43,8	18,9	128,6	21,8
Servicios	84,5	80,1	164,6	86,6	89,5	176,1	2,5	11,8	7,0
Total	573,9	367,8	941,7	597,1	389,5	986,6	4,1	5,9	4,8
Agricultura	59,8	79,4	139,3	60,7	80,4	141,1	1,5	1,2	1,3
Pesca	27,8	5,9	33,8	28,6	7,4	36,0	2,9	24,1	6,6
Industria	126,0	43,0	169,0	127,7	47,8	175,5	1,3	11,2	3,8
Construcción	101,6	3,3	104,9	111,8	4,8	116,6	10,0	45,1	11,2
Servicios	258,6	236,2	494,8	268,3	249,1	517,4	3,8	5,5	4,6

Fonte: IGE, Enquisa de Poboación Activa

no ano 2000 (4.000 persoas ocupadas máis). Os sectores non primarios experimentaron un crecemento da poboación ocupada do 5,3% (40,9 miles de ocupados máis).

O sector primario experimentou no ano 2000 un crecemento de catro mil persoas no seu volume de ocupación, a diferenza do acontecido en Galicia nos últimos anos, o que representa unha medra do 2,3% en termos relativos, fronte ó descenso do 4,4% experimentado en 1999. Este cambio de tendencia ven explicado tanto polo cambio do comportamento do sector agrícola, que medrou un 1,3%, como polo crecemento experimentado pola poboación ocupada na pesca (6,6%).

No que ós sectores non primarios se refire, o emprego total medrou en 40,9 miles de persoas no ano 2000 (5,3%), salientando o comportamento do sector da construción, que presenta un crecemento, en termos relativos, do 11,2% respecto ó ano anterior. En termos absolutos, o sector servicios foi o que experimentou un

maior crecemento da poboación ocupada, con 22,6 miles de persoas (4,6%), seguido da construción, con 11,7 miles de ocupados, e do sector industrial, con 6,5 miles de persoas ocupadas (o 3,8%).

Nunha análise provincial, a diferenza do acontecido en 1999, a poboación ocupada medra en tódalas provincias. A de Pontevedra é a que experimenta o maior crecemento da poboación ocupada, ó crecer un total de 15,0 miles de ocupados (4,7%) respecto ó ano anterior. Nesta provincia o sector primario, tanto o agrícola como o pesqueiro, experimenta un descenso da poboación ocupada: no sector agrícola a poboación ocupada foi de 27,2 miles de persoas, 6,4 miles de ocupados menos, e no sector pesqueiro, a poboación ocupada acadou os 16,5 miles de persoas, 0,3 miles menos que no ano anterior. En termos relativos, a provincia de Ourense é a que experimenta un maior crecemento respecto ó ano anterior, co 8,2%, cando no ano 1999 descendera un 3,8%. As provincias de A Coruña e Pontevedra acollen o 73,8% da poboación ocu-

pada de Galicia, 6 décimas menos que no ano 1999.

A evolución ó longo do ano non foi homoxénea, apreciándose no último trimestre un cambio de tendencia. Aínda que nos tres primeiros trimestres se produciu un crecemento continuo de postos de traballo, no derradeiro trimestre xa se reflicte claramente un descenso, concretamente do 1,3%, manifestándose o mesmo en tódolos sectores agás no industrial, que mantén o seu ritmo de crecemento. O sector primario, no derradeiro trimestre, é o que sofre o descenso maior.

Atendendo á poboación ocupada e á súa diferenciación por **sexos**, a pesares do maior crecemento da poboación ocupada feminina no ano 2000, un 5,9% fronte ó 4% no caso dos homes, o peso relativo da poboación ocupada feminina mantense en torno ó 39% da poboación ocupada total. Comparado co ano anterior, aumenta o peso relativo da ocupación feminina no total de ocupación nos diferentes sectores agás no sector primario, onde o peso relativo da muller segue a representa-lo 57% da poboación ocupada nese sector económico. No sector da pesca a porcentaxe ascende do 17,4% de 1999 ós 20,6% do 2000, no caso da industria e da construción, do 25,4% e 3,1%, respectivamente, de 1999 ós 27,2% e 4,1%, e no caso dos servizos, pasa do 47,7% de 1999 ós 48,1% do 2000.

En termos absolutos, a poboación ocupada feminina experimentou un medre de 21,7 miles de persoas fronte ós 23,2 miles de ocupados no caso dos homes. Non obstante, este maior crecemento só se dá no caso da construción, onde o número de ocupados aumenta en 10,2 miles de persoas, fronte ás 1,5 miles de ocupadas. No resto dos sectores, o aumento de persoas ocupadas respecto ó ano anterior é maior no caso das mulleres que no dos homes.

Segundo a **situación profesional** dos ocupados, o 68,2% do total da poboación ocupada corresponde ós asalariados (672,7 miles de persoas), que aumentaron un 5,7% respecto ó ano 1999 cando a súa importancia relativa era

do 67,6% da poboación ocupada. O maior número de asalariados concéntrase na provincia de A Coruña, con 277,3 miles de asalariados (o 2% máis que no ano anterior), o que representa o 70,5% da poboación ocupada da provincia e o 41,2% da poboación asalariada galega. Pontevedra, cun crecemento do 9,6% foi a provincia que experimentou o maior crecemento de asalariados, acadando os 247,3 miles de persoas (o 73,8% da poboación ocupada da provincia e o 36,8% da poboación asalariada galega).

O número de empresarios, con e sen asalariados, aumentou un 2,9% no ano 2000 respecto ó ano 1999 co que descende o seu peso relativo no total da poboación ocupada galega, pasando do 26,3% de 1999 a 25,9% do ano 2000. Atendendo á súa distribución provincial, a provincia de Pontevedra é a única que experimenta un descenso da poboación empresarial, pasando o número de empresarios de 79,7 miles de persoas en 1999 a 77,3 empresarios no ano 2000 (un 3,1% menos). Asemade, o **cadro 2.1.7**. reflicte que A Coruña é a provincia con maior número de empresarios, con 97,4 miles de persoas, e tamén a que experimentou un maior crecemento respecto ó ano anterior, cun aumento do 7,7% (7,0 miles de empresarios máis).

O número de empresarios sen asalariados ascendeu a 197,9 miles de persoas, 6,1 miles de empresarios sen asalariados menos, que representan o 20,1% da ocupación galega total e o 77,5% da poboación ocupada empresarial. Ó igual que no caso do conxunto dos empresarios, Pontevedra é a única provincia que presenta un descenso do número de empresarios, sendo A Coruña a provincia cun maior número de empresarios, con 75,7 miles de empresarios sen asalariados (o 38,3% dos empresarios sen asalariados de Galicia).

Respecto ó número de empresarios con asalariados, este medrou no ano 2000 un 1,8% ata chegar ós 57,3 miles de persoas, o que representa o 5,8% da poboación ocupada galega. Ó igual que no ano anterior, a provincia de Ourense experimenta un descenso no seu número de empresarios con asalariados, que pasa dos 8,2

CADRO 2.1.1.6.

Poboación ocupada por sexo e sectores económicos. Trimestres 2000

	Total				Homes				Mulleres					
	II		III		IV		I		II		III		IV	
	I	II	I	II	I	II	I	II	I	II	I	II	I	II
	(en miles de persoas)													
A Coruña	390,2	394,9	397,4	391,0	240,8	239,9	245,3	238,9	149,4	155,0	152,0	152,1	152,1	152,1
Agricultura	39,5	41,0	44,4	42,8	14,9	16,4	18,6	17,8	24,6	24,5	25,7	25,7	25,7	25,0
Pesca	16,5	15,4	16,1	15,6	13,9	12,2	12,8	12,1	2,6	3,2	3,3	3,5	3,5	3,5
Industria	71,7	70,1	67,6	72,6	49,5	46,5	47,0	50,2	22,2	23,6	20,6	22,4	22,4	22,4
Construcción	43,5	46,5	47,2	46,8	41,7	44,4	45,8	44,9	1,8	2,1	1,3	2,0	2,0	2,0
Servicios	218,8	221,9	222,2	213,3	120,7	120,3	121,1	114,0	98,1	101,7	101,1	99,3	99,3	99,3
Lugo	138,7	141,3	141,0	139,3	82,2	83,2	83,4	81,5	56,5	58,1	57,7	57,7	57,7	57,7
Agricultura	52,3	54,7	53,4	51,1	27,8	26,9	27,2	26,9	24,5	27,8	26,2	24,1	24,1	24,1
Pesca	4,0	3,7	3,5	3,2	3,5	3,0	2,8	2,7	0,5	0,7	0,7	0,5	0,5	0,5
Industria	10,6	13,3	14,4	14,7	8,0	10,7	11,2	11,6	2,6	2,7	3,2	3,1	3,1	3,1
Construcción	13,0	13,0	11,7	10,8	12,1	12,6	11,3	10,3	0,9	0,5	0,4	0,5	0,5	0,5
Servicios	58,8	56,4	58,1	59,4	30,7	30,0	30,9	30,0	28,1	26,4	27,2	29,4	29,4	29,4
Ourense	114,7	119,9	119,4	117,8	68,5	70,8	71,8	71,0	46,2	49,0	47,6	46,8	46,8	46,8
Agricultura	18,4	18,9	20,0	19,3	8,7	9,3	9,6	8,1	9,7	9,6	10,4	11,2	11,2	11,2
Pesca	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-
Industria	20,9	21,3	19,2	18,8	15,9	15,2	14,6	14,6	5,0	6,0	4,6	4,3	4,3	4,3
Construcción	13,1	14,5	14,5	16,7	12,8	14,1	14,0	16,1	0,4	0,4	0,5	0,5	0,5	0,5
Servicios	62,2	65,2	65,7	63,0	31,2	32,2	33,6	32,2	31,1	33,1	32,1	30,8	30,8	30,8
Pontevedra	326,8	332,1	342,8	339,2	197,3	202,3	208,1	203,6	129,5	129,9	134,7	135,7	135,7	135,7
Agricultura	29,9	27,2	26,2	25,5	9,0	7,5	7,0	7,2	20,9	19,7	19,2	18,3	18,3	18,3
Pesca	15,9	16,3	16,9	16,8	11,4	13,0	13,4	13,5	4,5	3,3	3,5	3,3	3,3	3,3
Industria	69,0	69,5	73,7	74,3	53,9	52,7	53,7	55,5	15,1	16,8	20,0	18,9	18,9	18,9
Construcción	41,1	44,5	47,1	42,5	39,4	42,3	44,7	40,6	1,6	2,1	2,4	1,9	1,9	1,9
Servicios	170,9	174,6	178,9	180,0	83,5	86,7	89,4	86,8	87,4	87,9	89,5	89,3	89,3	89,3
Total	970,3	988,2	1.000,6	987,4	588,8	596,1	608,6	595,0	381,6	392,0	392,0	392,4	392,4	392,4
Agricultura	140,1	141,8	144,0	138,6	60,4	60,1	62,4	60,0	79,7	81,7	81,5	78,6	78,6	78,6
Pesca	36,5	35,4	36,4	35,6	28,8	28,3	29,0	28,4	7,7	7,1	7,4	7,2	7,2	7,2
Industria	172,2	174,2	174,9	180,5	127,4	125,1	126,5	131,8	44,9	49,1	48,4	48,7	48,7	48,7
Construcción	110,7	118,6	120,4	116,8	106,0	113,5	115,7	111,9	4,6	5,1	4,7	4,9	4,9	4,9
Servicios	510,8	518,2	524,9	515,8	286,1	289,2	275,0	263,0	244,7	249,0	249,9	252,9	252,9	252,9

Fonte: IGE

Poboación ocupada 1999-00: distribución segundo situación profesional

	1999		2000		00/99		Total
	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	
	(en miles de persoas)						%
A Coruña							
Empresarios sen asalariados	232,2	148,0	241,2	152,1	393,4	3,9	3,5
Empresarios con asalariados	38,6	31,3	69,9	34,9	75,7	5,7	8,3
Axudas familiares	16,6	3,9	20,5	4,9	21,7	1,5	24,8
Asalariados	4,0	12,5	16,8	11,4	16,5	29,1	-8,8
Outros (1)	172,5	99,5	177,6	99,7	277,3	2,9	2,0
	0,6	0,9	1,0	1,2	2,2	60,0	41,2
Lugo							
Empresarios sen asalariados	80,8	51,4	82,2	57,5	140,1	2,2	11,9
Empresarios con asalariados	21,9	13,8	22,8	15,1	37,9	4,3	9,6
Axudas familiares	6,6	2,7	6,6	2,0	8,6	0,0	-24,5
Asalariados	7,6	12,5	6,8	13,8	20,6	-9,9	10,6
Outros (1)	43,9	22,1	45,5	26,0	71,5	3,6	17,6
	0,9	0,5	1,3	0,5	1,4	0,0	11,1
Ourense							
Empresarios sen asalariados	64,2	44,9	70,5	47,4	117,9	9,8	5,6
Empresarios con asalariados	14,6	10,4	16,5	11,0	27,5	13,4	10,2
Axudas familiares	6,5	1,8	5,4	1,2	6,6	-16,3	-33,3
Asalariados	0,6	1,4	1,6	4,6	6,2	166,7	228,6
Outros (1)	42,2	31,0	46,8	29,9	76,7	11,0	-3,5
	0,4	0,5	0,8	0,7	1,0	-29,4	50,0
Pontevedra							
Empresarios sen asalariados	196,7	123,6	202,8	132,5	335,3	3,1	7,2
Empresarios con asalariados	30,3	31,0	24,5	32,2	56,7	-19,2	3,8
Axudas familiares	14,7	3,6	16,8	3,8	20,6	14,1	5,6
Asalariados	3,7	9,0	2,2	5,8	8,0	-40,1	-35,4
Outros (1)	147,3	78,2	158,2	89,1	247,3	7,4	13,9
	0,6	1,8	1,3	1,7	3,0	126,1	-2,9
Total	573,9	367,8	597,1	389,5	986,6	4,0	5,9
Empresarios sen asalariados	105,3	86,5	104,6	93,3	197,9	-0,7	7,9
Empresarios con asalariados	44,3	11,9	45,5	11,8	57,3	2,7	-0,8
Axudas familiares	15,8	35,3	15,6	35,5	51,1	-1,3	0,5
Asalariados	405,9	230,7	428,0	244,7	672,7	5,4	6,1
Outros (1)	2,5	3,4	3,5	4,2	7,7	41,4	23,5

(1) en outros inclúense os membros de cooperativas
Fonte: IGE, Enquisas de Poboación Activa

Poboación ocupada 1999-00: distribución segundo nivel de estudos

	1999	2000	00/99
	(en miles de persoas)		%
A Coruña			
Analfabetos e sen estudos	16,9	22,6	33,9
1º grao	128,9	98,8	-23,4
2º grao	178,3	186,2	4,4
3º grao	56,1	85,8	52,8
Lugo			
Analfabetos e sen estudos	20,7	24,6	19,1
1º grao	37,5	38,1	1,4
2º grao	60,1	53,2	-11,5
3º grao	13,9	24,2	73,8
Ourense			
Analfabetos e sen estudos	8,1	8,7	6,8
1º grao	41,4	41,1	-0,8
2º grao	43,4	45,5	4,8
3º grao	16,2	22,7	40,4
Pontevedra			
Analfabetos e sen estudos	13,7	14,5	5,5
1º grao	101,6	95,1	-6,4
2º grao	162,3	152,1	-6,3
3º grao	42,6	73,6	72,8
Total			
Analfabetos e sen estudos	59,4	70,5	18,7
1º grao	309,4	273,0	-11,8
2º grao	444,2	436,9	-1,6
3º grao	128,8	206,3	60,2

Fonte: IGE, Enquisa de Poboación Activa

miles de persoas ós 6,6 miles de empresarios no ano 2000. Neste ano, Lugo tamén ve como descende o seu número de empresarios con asalariados, pasando dos 9,2 miles de empresarios de 1999 ós 8,6 miles en 2000.

O número de axudas familiares ascende no ano 2000 a 51,1 miles de persoas, igual que en 1999. Comparado co ano anterior hai que salientar, por unha banda, que Pontevedra é a única provincia que presenta un descenso no número de axudas familiares, e por outra, que na provincia de Ourense se triplica o número de persoas con axudas familiares, pasando das 2,0 miles de persoas en 1999 ás 6,2 miles no ano 2000.

Atendendo á análise da poboación ocupada por situación profesional e a súa diferenciación por sexos, o devandito **cadro 2.1.7.** amosa o aumento do 6,8% no número de mulleres empresarias (6,7 miles de empresarias máis) en tanto que permanece practicamente constante o número de empresarios (0,5 miles de empresarios máis). Asemade, a diferenza do acontecido en 1999, aumenta lixeiramente o peso relativo das axudas familiares ás mulleres, que pasa do 69,1% en 1999 ó 69,5% do ano 2000.

Finalmente, o **cadro 2.1.8.** reflicte a rela-

ción existente entre a poboación ocupada e o seu nivel de estudos terminados. O devandito cadro amosa que continúa o proceso do incremento da cualificación e adaptación técnica dos traballadores, dado que o 65,2% dos ocupados corresponden a persoas cun nivel de estudos de 2º e 3º grao, fronte ós 60,8% do ano anterior.

• **Poboación parada**

A poboación parada estimada pola EPA continuou coa tendencia descendente, presentando no ano 2000 unha caída do 5,9% respecto ó ano anterior, para acadalos 171,4 miles de persoas, das que, ó igual que no ano 1999, o 59,4% son mulleres.

Malia este descenso xeral, o **cadro 2.1.9.** amosa que a poboación parada permanece practicamente constante na provincia de A Coruña nos anos 1999 e 2000, sendo a provincia de Ourense, fronte ó aumento do ano 1999, a que presenta o maior descenso da poboación desempregada, con 5,1 miles de persoas menos (18,3%).

A diminución da poboación parada prodúcese entre as persoas que están á procura do seu primeiro emprego e das persoas catalogadas

CADRO 2.1.9.

Poboación parada 1999-00: distribución segundo sectores económicos

	1999			2000			00/99		
	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
	(en miles de persoas)						%		
A Coruña	29,5	37,2	66,5	30,4	36,4	66,7	3,1	-2,2	0,3
Agricultura e Pesca	0,9	0,4	1,2	1,1	0,3	1,4	22,2	-20,0	14,3
Industria e Construcción	8,9	2,7	11,5	11,0	2,9	13,8	24,3	8,4	19,7
Servicios	8,8	11,5	20,2	8,6	12,9	21,5	-2,0	12,9	6,4
Que buscan 1º emprego	5,5	14,7	20,1	5,7	13,3	19,0	3,7	-9,2	-5,7
Non clasificables	5,5	8,0	13,5	4,1	6,9	11,0	-25,6	-14,1	-18,4
Lugo	7,9	12,7	20,7	7,5	11,0	18,5	-6,0	-13,2	-10,3
Agricultura e Pesca	0,7	0,7	0,9	0,9	0,1	1,0	25,0	-84,6	7,1
Industria e Construcción	2,8	0,6	3,4	2,0	0,6	2,6	-27,3	0,0	-23,0
Servicios	1,7	5,2	6,9	1,7	4,0	5,6	-2,9	-24,0	-18,5
Que buscan 1º emprego	2,1	4,6	6,7	1,3	3,5	4,8	-37,6	-25,0	-29,4
Non clasificables	0,9	1,9	2,8	1,6	2,9	4,6	88,2	51,9	65,8
Ourense	12,4	15,5	27,9	8,6	14,2	22,8	-30,6	-8,4	-18,3
Agricultura e Pesca	1,1	0,5	1,7	0,9	0,4	1,3	-15,9	-23,8	-21,2
Industria e Construcción	3,7	0,7	4,3	2,9	1,5	4,3	-20,5	123,1	0,0
Servicios	3,3	3,7	7,0	2,3	4,6	6,8	-30,8	23,6	-2,5
Que buscan 1º emprego	1,6	5,7	7,2	1,4	4,4	5,8	-9,7	-23,0	-20,1
Non clasificables	2,8	5,0	7,8	1,1	3,5	4,6	-59,8	-30,2	-40,6
Pontevedra	24,1	43,0	67,1	23,2	40,2	63,3	-3,8	-6,6	-5,7
Agricultura e Pesca	1,5	0,3	1,7	1,4	0,8	2,2	-6,7	140,0	29,4
Industria e Construcción	7,2	3,9	11,0	8,4	3,2	11,6	17,1	-17,5	5,5
Servicios	6,0	12,9	19,0	6,7	14,5	21,2	11,2	12,0	11,9
Que buscan 1º emprego	4,6	14,9	19,5	3,3	12,2	15,6	-27,7	-18,0	-20,1
Non clasificables	4,8	11,2	16,0	3,4	9,5	12,8	-29,7	-15,0	-19,6
Total	73,9	108,3	182,2	69,6	101,8	171,4	-5,7	-6,0	-5,9
Agricultura e Pesca	4,0	1,5	5,5	4,3	1,6	5,9	8,1	6,8	7,3
Industria e Construcción	22,4	7,8	30,2	24,2	8,1	32,3	7,9	4,2	7,0
Servicios	19,8	33,3	53,0	19,2	36,0	55,2	-2,9	8,3	4,1
Que buscan 1º emprego	13,7	39,8	53,5	11,7	33,3	45,0	-14,8	-16,3	-15,8
Non clasificables	13,9	26,0	40,0	10,2	22,8	33,0	-26,4	-12,5	-17,5

Fonte: IGE, Enquisa de Poboación Activa

como non clasificables. No primeiro caso, a poboación parada descende un 15,8% (8,5 miles de persoas menos) para acadar los 45 miles de parados, sendo o seu peso relativo no total da poboación parada de 26,3% fronte ó 29,4% do ano anterior. Atendendo á súa distribución provincial, este descenso prodúcese en tódalas provincias, e nunha maior contía na provincia de Pontevedra, con 3,9 miles de parados en busca do seu primeiro emprego menos.

No caso dos “non clasificables”, o devandito **cadro 2.1.9.** amosa que o 19,3% da poboación parada, 33 miles de persoas (40,0 miles no ano anterior), está englobado nesta categoría. A diferenza do acontecido no caso anterior, este descenso non se produce en tódalas provincias xa que na provincia de Lugo prodúcese un aumento dos “non clasificables”, que pasa dos 2,8 miles de parados de 1999 ós 4,6 miles do ano 2000.

Considerando os distintos sectores económicos, a poboación parada aumenta en todos eles. No caso da agricultura e pesca e da indus-

tria e construción, esta medra prodúcese tanto no caso dos homes como das mulleres, mentres que no caso do sector servicios, este aumento rexístrase só no caso das mulleres. No caso concreto do sector primario, a poboación parada ascende a 5,9 miles de parados (5,5 miles de parados en 1999), o que representa o 3,4% da poboación parada galega. Comparado co ano anterior, hai que salientar que esta descende na provincia de Ourense fronte ó aumento nas outras tres provincias.

A poboación desempregada nos sectores industriais acadar os 32,3 miles de persoas, 2,1 miles de persoas máis que en 1999, o que implica o 18,8% do paro galego. Atendendo á evolución seguida nas diferentes provincias, o **cadro 2.1.9.** reflicte que a poboación parada aumenta nas provincias de A Coruña (19,7%) e de Pontevedra (5,5%), en tanto que descende na provincia de Lugo (23,0% menos) e se mantén constante en Ourense.

No sector servicios o paro afecta a 55,2 miles de persoas, un 4,1% superior ó rexistrado

Taxa de paro 1999-00: distribución segundo sectores económicos

	1999	2000
	%	
A Coruña	14,9	14,5
Agricultura	1,6	1,7
Pesca	4,2	4,2
Industria	8,2	8,8
Construcción	10,9	13,3
Servicios	8,7	9,0
Lugo	13,5	11,7
Agricultura	1,3	1,6
Pesca	11,9	3,5
Industria	11,1	10,2
Construcción	14,0	7,8
Servicios	10,9	8,8
Ourense	20,4	16,2
Agricultura	10,1	6,5
Pesca	-	-
Industria	11,1	11,5
Construcción	12,8	10,6
Servicios	10,2	9,6
Pontevedra	17,3	15,9
Agricultura	2,4	4,7
Pesca	5,0	5,0
Industria	9,1	8,3
Construcción	10,1	10,4
Servicios	10,3	10,8
Total	16,2	14,8
Agricultura	2,6	2,9
Pesca	4,9	4,5
Industria	9,1	9,0
Construcción	11,2	11,4
Servicios	9,7	9,7

Fonte: IGE, Enquisa de Poboación Activa

o ano anterior, o que indica que o seu peso relativo no total da poboación parada ascendeu ó 32,2% (29,1% no ano 1999). Este aumento non se produce en tódalas provincias, presentando as provincias de Lugo e Ourense un descenso na poboación parada neste sector respecto ó ano anterior.

O **cadro C.2.5.** (*Poboación parada 1999-00: distribución segundo o tempo de procura de emprego*) amosa que o paro de longa duración en Galicia afecta ó 52,6% da poboación parada no ano 2000 (90,1 miles de persoas), das que dúas terceiras partes, 59,6 miles de persoas, son mulleres. Entre os parados de longa duración, un total de 45,9 miles de parados levan máis de tres anos en paro, o que representa o 50,9% do total de parados de longa duración e o 26,8% da poboación parada galega.

Comparado co ano anterior, salienta o descenso da poboación parada de longa duración en 10,2 miles de persoas, o 10,1%, descenso que se produce no grupo de persoas paradas de máis de

3 anos, con 11,5 miles menos (un 20,0% inferior), e no de persoas que levan entre 2 e 3 anos en paro, con 2,9 miles de parados menos (o 16,6% menos). O paro entre as persoas que levan entre 1 e dous anos en paro medra no ano 2000 un 11,9% (3,2 miles de persoas).

Atendendo á súa distribución por sexos, a poboación parada feminina de longa duración representa o 58,6% do paro feminino, porcentaxe que acada o 43,9% no caso dos homes. Asemade, xunto ó maior peso relativo do paro feminino de longa duración, este medra a medida que aumenta o tempo de desemprego, de tal xeito que entre as persoas que levan en situación de paro entre un e dous anos, o 57,7% dos desempregados son mulleres, porcentaxe que ascende ó 66,1% e ó 71,5% no caso do período entre 2 e 3 anos e máis de tres anos, respectivamente.

• **Taxa de paro**

A taxa de paro estimada pola EPA descendeu en Galicia no ano 2000, acadando o

CADRO 2.1.11.

Paro rexistrado en Galicia e España 1999-00 ⁽¹⁾: distribución segundo sectores económicos

	Galicia		España	
	1999	2000	1999	2000
	(en miles de persoas)			
Agricultura e Pesca	4,4	3,9	48,8	43,7
Industria	24,0	23,7	284,4	254,8
Construcción	16,8	15,7	163,0	153,5
Servicios	64,9	64,6	862,2	841,9
Sen emprego anterior	29,1	27,3	293,2	263,6
Total	139,1	135,3	1.651,6	1.557,5

(1) medias anuais

Fonte : elaboración propia CES-Galicia a partir de datos das Oficinas de Emprego da Xunta de Galicia e do INEM

valor de 14,8%, fronte ós 16,2% do ano anterior. A diferenza do acontecido no ano 1999, cando a taxa de paro crecera na provincia de Ourense, no ano 2000 a taxa de paro descende en tódalas provincias galegas, presentando Ourense e Pontevedra unhas taxas de paro superiores á experimentada polo conxunto de Galicia (16,2% e 15,9%, respectivamente).

Atendendo á súa desagregación sectorial, o **cadro 2.1.10.** amosa que, ó igual que no ano 1999, se produce un aumento da taxa de paro no sector da agricultura, onde pasa do 2,6% do ano 1999 ó 2,9% do ano 2000. Asemade, o sector da construción presenta no ano 2000 un crecemento da súa taxa de desemprego, pasando do 11,2% ata o 11,4% do ano 2000. Os sectores da industria e dos servicios presentan unha taxa de paro do 9% e do 9,7%, respectivamente, sendo a pesca o sector económico coa menor taxa de paro, cun 4,5%.

• Poboación inactiva

Respecto á evolución da poboación inactiva, cómpre salientar que no ano 2000 continúa o descenso da mesma iniciado no ano anterior, descendendo un 2,1% respecto ó ano precedente. A poboación inactiva no ano 2000 acada os 1.162,9 miles de persoas, das que 730,0 miles de persoas (o 62,8% da poboación inactiva total) son mulleres (**cadro C.2.2. Principais datos do mercado de traballo 1999-00**).

Este descenso da poboación inactiva prodúcese nas diferentes clases de inactividade con-

sideradas, a diferenza do acontecido no ano anterior, onde aumentaba o número dos inactivos encadrados na clase de inactividade “retirados, xubilados e pensionistas”. No ano 2000 o maior descenso dáse no colectivo dos estudantes (representan o 18,1% do total dos inactivos galegos), cunha caída de 9,25 miles de persoas, e o menor no dos retirados, xubilados e pensionistas, con 1,2 miles de persoas menos (representan o 52,5% do total da poboación inactiva).

Datos rexistrados nas oficinas de emprego da Xunta e no INEM

Os datos das oficinas de emprego da Xunta de Galicia e do INEM permite analiza-la evolución do número de parados rexistrados nelas, así como a evolución das demandas de emprego e a súa plasmación en postos de traballo.

Con respecto ó ano 1999, o paro rexistrado en Galicia (calculado en medias anuais) descendeu un 2,7%, acadando os 135,3 miles de parados. Esta redución tradúcese nun descenso da taxa de desemprego de 0,7 puntos para situarse no 11,7%.

Atendendo á distribución sectorial, o **cadro 2.1.11.** reflicte unha estrutura similar en Galicia e España, caracterizada polo maior peso relativo do sector servicios, seguido polos parados sen emprego anterior e os parados na industria. Comparando os datos españois e galegos, a importancia relativa dos parados no sector servicios no conxunto do estado é maior á galega (54,1% e 47,7%, respectivamente) en tanto que

CADRO 2.1.12.

Colocacións rexistradas 1999-00: distribución segundo sectores económicos

	1999	2000	00/99
			%
A Coruña	258.775	279.272	7,9
Agricultura e pesca	6.290	5.850	-7,0
Industria	41.048	45.117	9,9
Construcción	39.434	40.465	2,6
Servicios	172.003	187.840	9,2
Lugo	69.145	70.908	2,5
Agricultura e pesca	4.278	3.019	-29,4
Industria	5.357	5.839	9,0
Construcción	7.823	7.995	2,2
Servicios	51.687	54.055	4,6
Ourense	45.598	47.030	3,1
Agricultura e pesca	1.790	1.407	-21,4
Industria	8.797	9.919	12,8
Construcción	8.292	8.294	0,0
Servicios	26.719	27.410	2,6
Pontevedra	267.633	288.532	7,8
Agricultura e pesca	10.250	8.887	-13,3
Industria	48.892	55.081	12,7
Construcción	29.349	29.809	1,6
Servicios	179.142	194.755	8,7
Total	641.151	685.742	7,0
Agricultura e pesca	22.608	19.163	-15,2
Industria	104.094	115.956	11,4
Construcción	84.898	86.563	2,0
Servicios	429.551	464.060	8,0

Fonte: INEM

CADRO 2.1.13.

Colocacións rexistradas 1999-00: distribución segundo nivel de estudos

	1999				Total
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	
Sen estudos	272	23	12	99	406
Estudios primarios sen certificado	4.681	1.699	533	4.623	11.536
Certificado de escolaridade	75.556	18.453	15.379	82.367	191.755
EXB	104.074	21.732	17.197	108.348	251.351
BUP	34.851	7.492	5.773	29.535	77.651
Formación Profesional	19.774	7.599	3.592	21.057	52.022
Titulación grao medio	9.070	7.784	1.702	10.770	29.326
Titulación grao superior	10.497	4.363	1.410	10.834	27.104
Total	258.775	69.145	45.598	267.633	641.151
	2000				Total
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	
Sen estudos	250	32	12	109	403
Estudios primarios sen certificado	4.480	1.749	584	4.682	11.495
Certificado de escolaridade	78.394	17.013	15.008	86.117	196.532
EXB	111.973	21.773	17.499	118.709	269.954
BUP	39.120	7.416	6.328	33.414	86.278
Formación Profesional	22.254	7.633	3.847	23.362	57.096
Titulación grao medio	10.596	9.680	1.994	10.799	33.069
Titulación grao superior	12.205	5.612	1.758	11.340	30.915
Total	279.272	70.908	47.030	288.532	685.742

Fonte: INEM

no resto dos sectores o peso relativo dos parados galegos no total é superior ó rexistrado a nivel estatal.

O **cadro C.2.7.** (*Demandas, ofertas e colocacións rexistradas 1999-00*) amosa o número de ofertas e demandas de emprego, así como o número de colocacións. No ano 2000 o número de demandas de emprego rexistradas ascendeu a 877.259, o que representa un crecemento do 6,7% respecto ó ano anterior, en tanto que as colocacións, que aumentaron un 7%, ascenderon a 685.742.

O devandito cadro amosa un maior descenso do número total de ofertas rexistradas no ano 2000 comparado co ano anterior. Fronte ó descenso do 2,1% de 1999, no 2000 a caída das ofertas rexistradas foi do 24,7%, polo que o número das ofertas descendeu das 45.662 rexistradas en 1999 ás 34.402 do ano 2000.

Das 685.742 colocacións rexistradas ó longo do 2000, a meirande parte realizáronse no sector servicios, o 67,7% do total, e o menor número de colocacións no sector primario, co 2,8%. O **cadro 2.1.12.** amosa un crecemento no peso relativo das colocacións no sector servicios, que pasa do 67% ó 67,7% do ano 2000, e no sector industrial, que acada o 16,9% fronte o 16,2% do ano anterior. No caso oposto atópanse o sector primario, cun descenso dende o 3,5% ata o 2,8%, e o sector da construción, que acada o 12,6% no ano 2000 fronte o 13,2% de 1999.

Atendendo á distribución provincial, o devandito cadro reflicte un descenso do número de colocacións rexistradas no sector da agricultura e pesca en tódalas provincias, en especial en Lugo e Ourense, onde o descenso foi do 29,1% e 21,4%, respectivamente. Asemade, o sector industrial é o que experimenta o maior crecemento en tódalas provincias, salientando Ourense, co 12,8%, e Pontevedra, co 12,7%.

Ó igual que en 1999, no 2000 o número de colocacións nas titulacións de grao medio é maior para o conxunto de Galicia ás existentes ás de grao superior, polo que se pode afirmar

que continúa esa mellor adecuación entre o posto de traballo e o grao de titulación que se posúe. Non obstante, esa adecuación a nivel galego non é común a tódalas provincias, xa que en A Coruña e Pontevedra non se produce.

Un 69,7% das ocupacións (477.981 persoas colocadas) foi acaparado polo grupo de persoas cun nivel de estudos primarios. En termos relativos, descende o peso deste colectivo no total das colocacións, que no ano anterior era do 70,9%. En concreto, este descenso prodúcese nas persoas con estudos primarios sen certificado de escolaridade (pasa do 29,9% en 1999 ós 28,7% do ano 2000) e nos que posúen estudos primarios mais sen certificado (1,9% e 1,7%).

O número de **contratos de traballo rexistrados** no ano 2000 acadou os 682.050, un 6,8% superior ó rexistrado o ano anterior (43.625 contratos máis), dos que 40.811 son contratos indefinidos (o 6%) e os 641.239 restantes, contratos temporais. Xunto a estes contratos rexistrados, producíronse un total de 10.482 conversións de contratos temporais en indefinidos, mentres que no ano anterior foron 21.467.

No caso dos contratos novos, o número de contratos indefinidos creceu un 18,8% respecto ós asinados no ano anterior para acadalos 40.811 contratos de traballo (6.451 contratos máis). Este aumento no número de contratos indefinidos prodúcese nos catro tipos de contratos considerados, indefinido ordinario, indefinido Lei 63/97, indefinido a tempo parcial e contratos a minusválidos.

O número de contratos de duración temporal en 2000 foi de 641.239, o que representa un aumento de 37.174 contratos (o 6,2%) respecto ó ano anterior. Tal e como reflicte o **cadro C.2.6.** (*Contratos de traballo, contratos convertidos en indefinidos e adscricións en colaboración social 1999-00*) os contratos por obra ou servizo seguen a se-lo tipo de contratos máis numeroso en Galicia (223.027 contratos), representando o 32,7% do total de contratos rexistrados, seguidos dos contratos eventuais segundo

CADRO 2.1.14.

Contratos de traballo en Galicia e España 2000: distribución segundo actividade económica

	Galicia		España		G/E
		(% / total)		(% / total)	%
Sector primario	19.068	2,80	1.384.318	10,17	1,4
Agricultura, gandería, caza e silvicultura	8.589	1,26	1.360.417	10,00	0,6
Pesca	10.479	1,54	23.901	0,18	43,8
Industria	115.576	16,94	1.460.150	10,73	7,9
Industrias extractivas	3.929	0,58	19.591	0,14	20,1
Industria manufacturera	111.044	16,28	1.423.126	10,46	7,8
Producción e distribución de enerxía eléctrica, gas e auga	603	0,09	17.433	0,13	3,5
Construcción	85.426	12,52	1.969.581	14,47	4,3
Servicios	462.039	67,74	8.795.244	64,63	5,3
Comercio, reparación de vehículos de motor, motocicletas e ciclomotores, e artigos persoais e de uso doméstico	79.288	11,62	1.522.011	11,18	5,2
Hostelería	42.944	6,30	1.168.875	8,59	3,7
Transporte, almacenamento e comunicacións	63.879	9,36	639.349	4,70	10,0
Intermediación financeira	2.187	0,32	69.315	0,51	3,2
Actividades inmobiliarias	142.090	20,83	3.343.908	24,57	4,2
Administración Pública, Defensa e Seguridade Social Obrigatoria	30.593	4,49	475.368	3,49	6,4
Educación	15.200	2,23	290.028	2,13	5,2
Actividades sanitarias e veterinarias. Servicos Sociais	36.725	5,38	566.220	4,16	6,5
Outras actividades sociais e de servicos prestados á Comunidade. Servicos persoais	48.798	7,15	701.924	5,16	7,0
Fogares que empregan persoal doméstico	325	0,05	17.777	0,13	1,8
Organismos extraterritoriais	10	0,00	469	0,00	2,1
Total	682.109	100	13.609.293	100	5,0

Fonte: INEM

as circunstancias da produción (205.344 contratos), que significan o 30,1%. No ano 2000 produciuse un descenso do 16,8% no número de contratos de formación (Lei 63/97), producíndose este tanto no caso dos homes como no das mulleres. Asemade, o devandito **cadro C.2.6.** reflicte un descenso no número de contratos por obra ou servico no caso dos homes e dos de substitución por xubilación ós 64 anos e de minusválidos en centros especiais de formación, no caso das mulleres.

Atendendo ós diferentes tipos de contratos, o devandito cadro reflicte que os homes, como norma xeral, asinan un maior número de contratos que as mulleres, agás no caso dos contratos de interinidade e nos contratos a tempo parcial. Do total dos contratos de traballo rexistrados, o 59% dos mesmos foron asinados por homes, e no caso das excepcións mencionadas, as porcentaxes de contratos asinados por mulleres ascende a 64,3% e 63,1% do total deses tipos de contratos, respectivamente.

O **cadro 2.1.14.** amosa a distribución dos

contratos rexistrados por sectores e ramas de actividade. En termos absolutos, salienta o volume de contratacións pertencentes á rama de “actividades inmobiliarias e de alugueiro, servicos empresariais”, con 142.090 contratos (o 20,8% do total de contratos galegos), e ós pertencentes á industria manufacturera, con 111.044 contratos (16,3%). En España, estas porcentaxes ascenden ó 24,6% e 10,5%, respectivamente.

É importante salienta-la diferenza existente no peso relativo no total galego e español das ramas agricultura, gandería, pesca e silvicultura e transportes, almacenamento e comunicacións. En Galicia, estas ramas representan o 1,3% e 9,4%, respectivamente, fronte ó 10% e 4,7% en España.

Asemade, o devandito cadro reflicte que o total de contratos rexistrados en Galicia na rama pesqueira, 10.479 contratos, representa o 43,8% do total dos contratos asinados en España nesta rama de actividade, e que os 3.929 contratos da rama industrial extractiva supoñen

CADRO 2.1.15.

Taxas de temporalidade en Galicia e España 1999-00

	Galicia				España		
	Total	Homes	Mulleres		Total	Homes	Mulleres
1999	33,86	33,08	35,22	1999	32,80	31,49	34,96
I	32,20	32,65	31,41	I	32,59	31,33	34,65
II	32,81	31,63	34,91	II	32,72	31,38	34,92
III	36,05	34,54	38,67	III	33,31	32,01	35,47
IV	34,36	33,50	35,88	IV	32,59	31,23	34,78
2000	34,39	33,98	35,10	2000	31,97	30,58	34,16
I	34,20	32,80	36,66	I	31,69	30,27	33,93
II	35,20	34,15	37,00	II	32,13	30,57	34,58
III	34,57	35,04	33,74	III	32,34	31,06	34,37
IV	33,59	33,93	33,00	IV	31,70	30,39	33,74

Fonte: INE e IGE

o 20,1% do total de contratos no conxunto do estado.

Taxa de temporalidade

O número de asalariados con contrato indefinido (media anual) no ano 2000 foi superior en máis de vinte mil persoas ó número de asalariados do ano precedente (un 4,9% máis). Tal e como reflicte o **cadro C.2.4. (Asalariados e taxa de temporalidade. 1999-00)** a taxa de temporalidade, definida como a relación entre o número de asalariados temporais e o total de asalariados, aumentou en 0,5 puntos por mor do aumento do emprego asalariado temporal, que medrou un 7,2% respecto a 1999 (15,5 miles de asalariados temporais máis).

A taxa de temporalidade, **cadro 2.1.15.**, medrou en Galicia, no ano 2000, 0,5 puntos, para situarse no 34,4%, a diferenza do acontecido no conxunto do estado, onde a taxa de temporalidade descende 0,8 puntos, para situarse no 32,0%.

Atendendo á súa desagregación por sexos, o devandito cadro reflicte que no ano 2000 prodúcese un aumento da taxa de temporalidade no caso dos homes (pásase do 33,1% en 1999 ó 34% no ano 2000) fronte ó lixeiro descenso no caso das mulleres (desde 35,2% de 1999 ata os 35,1% do 2000). No conxunto do estado, prodúcese un descenso tanto no caso dos homes (0,9 puntos) como no caso das mulleres (0,8 puntos).

Ó igual que no ano anterior, o grao de rotación existente no mercado de traballo, entendido

como a relación existente entre o número de contratos temporais realizados (641.239) e a poboación asalariada temporal (231.325 persoas), ascende no ano 2000 a 2,8 contratos por persoa asalariada temporal.

Empresas de traballo temporal

No ano 2000 houbo en Galicia un total de 36 empresas de traballo temporal, dous menos que no ano anterior, o que representa o 4,4% do total de empresas de traballo temporal a nivel estatal. Estas empresas rexistraron 85.660 contratos de posta a disposición (1.505 máis que en 1999), que representan o 4,3% dos contratos rexistrados no conxunto do estado.

Atendendo á desagregación por provincias, ó contrario do acontecido no ano 1999, son as provincias de Ourense, e especialmente Pontevedra, as únicas provincias que experimentan un crecemento no número de contratos (no ano precedente experimentaron un descenso no número de contratos). En Pontevedra o número de contratos de posta a disposición ascendeu no ano 2000 a 39.526 fronte ós 29.973 contratos do ano anterior, sendo a provincia galega con maior número de contratos, por diante de A Coruña, con 33.854.

Sinistralidade laboral

O número total de accidentes rexistrado en Galicia no ano 2000 ascendeu a 47.214, dos que 43.590 foron accidentes de traballo con baixa en xornada de traballo e 3.624, accidentes “in itinere”. Comparado co ano anterior, prodúcese un

CADRO 2.1.16.

Empresas de traballo temporal e contratos de posta a disposición nas CC.AA. 1999-00 ⁽¹⁾

	1999		2000		00/99	
	ETTs	contratos	ETTs	contratos	ETTs	contratos
Andalucía	74	200.737	73	167.696	-1	-33.041
Aragón	44	55.364	38	60.857	-6	5.493
Asturias	26	26.178	23	22.396	-3	-3.782
Baleares	23	30.667	23	25.362	0	-5.305
Canarias	32	60.581	28	53.438	-4	-7.143
Cantabria	21	21.459	19	20.819	-2	-640
Castela - A Mancha	31	39.212	28	41.334	-3	2.122
Castela e León	39	97.775	37	96.846	-2	-929
Cataluña	135	502.975	127	482.894	-8	-20.081
C. Valenciana	72	166.286	67	206.894	-5	40.608
Extremadura	15	18.436	13	13.651	-2	-4.785
Galicia	38	84.155	36	85.660	-2	1.505
A Coruña		37.043		33.854		-3.189
Lugo		11.524		7.357		-4.167
Ourense		5.615		4.923		-692
Pontevedra		29.973		39.526		9.553
Madrid	161	396.480	151	394.728	-10	-1.752
Murcia	32	101.426	32	123.118	0	21.692
Navarra	32	36.171	30	36.941	-2	770
País Vasco	71	136.841	62	142.895	-9	6.054
Rioxa	19	17.295	18	16.548	-1	-747
Ceuta e Melilla	5	1.183	5	667	0	-516
Total	870	1.993.221	810	1.992.744	-60	-477

(1)ETTs con autorización a 31-12 de cada ano
Fonte: Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales

CADRO 2.1.17.

Accidentes e enfermidades profesionais con baixa en xornada de traballo 1999-00

	Leves			Graves			Mortais			Totais		
	1999	2000	00/99	1999	2000	00/99	1999	2000	00/99	1999	2000	00/99
			%			%			%			%
A Coruña	15.662	16.706	6,7	291	322	10,7	50	52	4,0	16.003	17.080	6,7
Lugo	4.025	4.333	7,7	250	142	-43,2	15	14	-6,7	4.290	4.489	4,6
Ourense	3.497	3.764	7,6	85	100	17,6	9	10	11,1	3.591	3.874	7,9
Pontevedra	17.176	17.814	3,7	303	285	-5,9	45	48	6,7	17.524	18.147	3,6
Total	40.360	42.617	5,6	929	849	-8,6	119	124	4,2	41.408	43.590	5,3

Fonte: Dirección Xeral de Relacións Laborais, Sinistralidade laboral en Galicia

crecemento do 5,3% no número total de accidentes, porcentaxe que ascende ó 9,4% no caso dos accidentes “in itinere”.

A provincia de Pontevedra foi a que rexistrou o maior número de accidentes e enfermidades profesionais con baixa en xornada de traballo, con 18.147 accidentes (o 41,6%), seguida de A Coruña, con 17.080 accidentes (o 39,2%). Comparado cos datos do ano anterior, Ourense experimentou un crecemento do 7,9%, sendo Pontevedra a provincia coa menor a taxa de crecemento, co 3,6%.

Respecto ós accidentes de traballo con baixa en xornada de traballo e a súa distribución segundo a súa gravidade, o **cadro 2.1.17.** reflicte que o 97,8% dos accidentes foron leves

(42.617 accidentes) e un 1,9% e 0,3% graves e mortais, respectivamente. Comparado co ano anterior, descende o número de accidentes graves en Galicia un 8,6%, e aumenta o número de accidentes leves (un 5,6%) e mortais (un 4,2%).

As provincias de Pontevedra e Lugo experimentaron un descenso do número de accidentes graves (18 e 108 accidentes menos, respectivamente), descendendo tamén o número de accidentes mortais na provincia de Lugo (un menos). Nas demais categorías prodúcese un incremento xeneralizado do número de accidentes con baixa en xornada laboral.

Atendendo á distribución sectorial, **cadro C.2.12.** (*Accidentes e enfermidades profesionais 1999-00: distribución segundo a gravidade e*

Actividades económicas con maior sinistralidade laboral 1999-00

2000

1999

Nº de orde	Actividade económica	Nº accidentes	Nº de orde	Actividade económica	Nº accidentes
1	45 Construción	10.916	1	45 Construción	11.346
2	28 Fabricación produtos metálicos agás maquinaria e equipo	2.334	2	28 Fabricación produtos metálicos agás maquinaria e equipo	2.374
3	35 Fabric. doutro material de transporte	2.331	3	52 Comercio polo miúdo agás vehículos motor, reparac. domést.	2.363
4	74 Outras actividades empresariais	2.207	4	74 Outras actividades empresariais	2.285
5	5 Pesca, acuicultura e serv. relacionados	2.102	5	5 Pesca, acuicultura e serv. relacionados	2.136
6	52 Comercio polo miúdo agás vehículos motor, reparac. domést.	1.900	6	35 Fabric. doutro material de transporte	2.095
7	15 Industria de produtos alimenticios e bebidas	1.882	7	15 Industria de produtos alimenticios e bebidas	1.889
8	26 Fabric. doutros produtos minerais non metálicos	1.543	8	51 Comercio por xunto e intermediarios agás vehículos motor	1.773
9	51 Comercio por xunto e intermediarios agás vehículos motor	1.506	9	20 Industria da madeira e cortiza (agás mobles)	1.594
10	20 Industria da madeira e cortiza (agás mobles)	1.491	10	26 Fabric. doutros produtos minerais non metálicos	1.436

Fonte: Dirección Xeral de Relacións Laborais, Sinistralidade laboral en Galicia

sectores económicos), o sector servicios foi o que acolleu o maior número de accidentes laborais con 14.828 accidentes (un 12,6% máis que en 1999) seguido do sector industrial, con 13.945 accidentes (un 0,7% superior ó ano anterior) e o da construción, con 11.346 accidentes (3,9% máis que en 1999). O sector agrícola foi o único que rexistrou un descenso dun 3,1% no número de accidentes con baixa en xornada de traballo (42 accidentes menos) respecto ó ano 1999.

Considerando os diferentes tipos de accidentes, salienta o descenso dos accidentes mortais no sector da construción, xunto co descenso dos accidentes graves nos sectores agrícola, industrial e de servicios, e a caída do número de accidentes leves no caso da agricultura. No lado oposto, no ano 2000 prodúcese un aumento importante no caso dos accidentes mortais no sector do mar.

Por ramas de actividade, o **cadro 2.1.18** reflicte as dez primeiras ramas en canto ó número de accidentes se refire, nos anos 1999 e 2000. Sobre o total de accidentes laborais, estas actividades supoñen o 67,2%, fronte ó 68,1% do ano anterior. A construción é a actividade económica con maior sinistralidade (11.346 accidentes), moi por diante da fabricación de produtos metálicos agás maquinaria e equipo (2.374 accidentes) e de comercio por xunto e polo miúdo agás vehículos de motor e reparacións domésticas (2.363 accidentes).

No concernente ós índices de incidencia da sinistralidade laboral, que relaciona os accidentes en xornada de traballo con baixa co número medio de persoas expostas, Galicia está por debaixo da media estatal (61,93 miles de accidentes/nº medio de persoas expostas fronte ó 75,77 de España). O aumento deste índice débese ó crecemento do mesmo na provincia de Lugo (pasa dos 45,87 miles de accidentes/nº medio de persoas expostas de 1999 ós 47,55 do ano 2000), xa que nas outras tres provincias galegas prodúcese un descenso do índice. Salienta o descenso experimentado na provincia de Pontevedra, onde o índice pasa de 77,61 miles de acciden-

tes/nº medio de persoas expostas de 1999 ós 72,64 do ano 2000, polo que, a diferenza do ano anterior, sitúase por debaixo da media estatal.

A meirande parte dos accidentes no ano 2000, 25.653 accidentes, corresponden a persoas con contrato temporal (o 58,9% dos accidentes), mentres un 33,0% dos accidentes (14.396 accidentes) corresponden a persoas con contrato indefinido. Este predominio mantense tanto nos accidente leves (59,13%) como graves (47,23%), mentres que no caso dos accidentes mortais, un 51,61% dos accidentes corresponden a persoas con contrato indefinido por un 41,13% a persoas con contrato temporal.

Relacións laborais

• *Negociación colectiva*

O número de convenios colectivos existentes en Galicia a 31 de decembro do 2000, xa sexan vixentes ou prorrogados tacitamente, ascendeu a 641. Neste total inclúense tamén os pactos de eficacia limitada e acordos reguladores dos que se ten coñecemento. Deste total, o 80,3% corresponde a convenios de empresa (515 convenios) e o 19,7% restante a convenios que se fan a nivel sectorial (**cadro 2.1.19**).

No ano 2000 negociáronse e/ou revisáronse un total de 266 convenios (78 son de sector e 188 de empresa), dos que 223 corresponden a convenios negociados e 43 a revisións salariais, que afectaron a un total de 248.548 traballadores (108.135 traballadores afectados por revisións salariais e 140.413 por convenios negociados). Xunto a estes convenios hai que ter en conta o número de convenios rexistrados en anos anteriores e que teñen vixencia para o ano 2000, que ascenden a 140 (34 de sector e 106 de empresa) e que afectan a 147.840 traballadores.

En conxunto, o número de convenios con vixencia expresa para o ano 2000 ascende a 363 (87 de sector e 276 de empresa) e que afectan a 288.253 traballadores e 56.507 empresas.

O número de convenios colectivos nego-

CADRO 2.1.19.

Estructura global da negociación colectiva galega con especificacións do seu ámbito territorial 1999-00

	C.Autónoma/ Interprovincias C.A.	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total (1)
1999						
Sector	9	36	23	17	37	122
Empresa	29	146	46	53	200	474
Total	38	182	69	70	237	596
2000						
Sector	11	36	23	19	37	126
Empresa	30	170	50	58	207	515
Total	41	206	73	77	244	641

(1) neste cómputo contabilizáanse convenios colectivos e acordos reguladores
Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais

CADRO 2.1.20.

Convenios colectivos e revisións salariais negociados en Galicia, con efectos para 1999-00

	Convenios renovados		Revisións salariais		Negociados por 1ª vez		Total	
	nº	Traballadores	nº	Traballadores	nº	Traballadores	nº	Traballadores
1999								
Sector	51	149.967	19	86.227	4	8.800	74	244.994
Empresa	104	20.518	28	2.482	19	1.371	151	24.371
Total	155	170.485	47	88.709	23	10.171	225	269.365
2000								
Sector	49	120.956	25	106.774	4	2.031	78	229.761
Empresa	128	15.491	18	1.361	42	1.935	188	18.787
Total	177	136.447	43	108.135	46	3.966	266	248.548

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais

ciados por primeira vez foi de 46, dos que 42 foron a nivel empresa e 4 a nivel sector. O número de traballadores afectados nestes convenios ascendeu a 3.966 traballadores, dos que 2.031 persoas están afectadas polos 4 convenios de sector e 1.935 polos convenios de empresa.

Atendendo á desagregación provincial, un 4,6% dos convenios negociados ou revisados no ano 2000 foron de ámbito superiores ó da provincia. En termos do número de convenios negociados ou revisados no ano 2000, Pontevedra acolleu o 36,1% dos mesmos, seguida de A Coruña, co 29%, namentres que o maior número de traballadores afectados pertence á A Coruña, co 42% do total, seguida de Pontevedra, co 25,5%.

Tal e como reflicte o **cadro 2.1.20.**, a maioría dos traballadores e empresas que están afectados por convenios ou revisións salariais o están por convenios a nivel sector: 229.761 traballadores (o 92,4%) e 48.269 empresas (o 99,6%). O sector servicios é o que acolle ó maior número de traballadores afectados por

convenios colectivos e revisións salariais, co 37%, seguido da construción, co 35% e da industria, co 28%.

No caso dos convenios de empresa, o maior número de traballadores concéntrase no sector industrial, o 60,6%, seguido do sector servicios, co 36,5%. A diferenza do acontecido a nivel sector, neste caso prodúcense convenios no sector primario, que afecta a un total de 12 empresas e 282 traballadores.

O incremento salarial medio pactado nos 266 convenios e revisións salariais negociados en 2000 foi do 2,95%, superior en case 5 décimas ó do ano anterior. A provincia de Pontevedra foi a que presentou o incremento medio máis alto no ano 2000, cun 3,01%, seguida de Ourense, co 2,99%, en tanto que o incremento medio máis baixo deuse entre os convenios a nivel comunidade autónoma ou interprovinciais, co 2,79%.

Entre os convenios negociados o incremento salarial máis alto foi o dos convenios de sec-

CADRO 2.1.21.

Traballadores e empresas afectados por convenios colectivos e revisión salariais de grupo de empresas, empresas ou ámbitos inferiores á empresa, e de sector negociados na Comunidade Autónoma de Galicia, con efectos para 2000

Empresas													
C/Autónoma/ Interprov. C.A.	A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra		Total				
	Nº traball.	Nº empr.	Nº traball.	Nº empr.	Nº traball.	Nº empr.	Nº traball.	Nº empr.	Nº traball.	Nº empr.			
Agricultura	-	231	-	-	-	-	51	1	282	12			
Industria	628	2.545	546	9	2.349	16	5.318	38	11.386	90			
Construción	-	-	180	1	85	1	-	-	265	2			
Servicios	309	1.601	332	9	863	16	3.749	40	6.854	96			
Total	937	4.377	1.058	19	3.297	33	9.118	79	18.787	200			

Sector													
C/Autónoma/ Interprov. C.A.	A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra		Total				
	Nº traball.	Nº empr.	Nº traball.	Nº empr.	Nº traball.	Nº empr.	Nº traball.	Nº empr.	Nº traball.	Nº empr.			
Agricultura	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-			
Industria	2.855	56	21.699	2.652	5.679	1.823	5.804	551	28.200	3.975			
Construción	-	-	38.500	3.250	8.120	840	6.402	604	27.500	4.200			
Servicios	10.153	3.849	39.681	10.345	6.592	4.020	5.226	2.113	23.350	9.991			
Total	13.008	3.905	99.880	16.247	20.391	6.683	17.432	3.268	79.050	18.166			
									229.761	48.269			

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais

CADRO 2.1.22.

Expedientes de regulación de emprego resoltos 1999-00: distribución segundo medida autorizada

1999

	Total		Suspensión		Reducción xornada		Rescisión	
	Número	Trab. afect.	Número	Trab. afect.	Número	Trab. afect.	Número	Trab. afect.
A Coruña	226	2.306	214	2.193	-	-	12	113
Lugo	36	304	36	304	-	-	-	-
Ourense	5	124	5	124	-	-	-	-
Pontevedra	295	3.515	282	3.051	3	10	10	454
Total	562	6.249	537	5.672	3	10	22	567

2000

	Total		Suspensión		Reducción xornada		Rescisión	
	Número	Trab. afect.	Número	Trab. afect.	Número	Trab. afect.	Número	Trab. afect.
A Coruña	148	1.184	120	866	1	11	28	307
Lugo	32	371	29	324	-	-	3	47
Ourense	10	57	8	46	-	-	2	11
Pontevedra	149	3.459	138	3.280	-	-	11	179
Total	340	5.071	295	4.516	1	11	44	544

Fonte: Dirección Xeral de Relacións Laborais

tor da provincia de A Coruña, con 3,76%, e o máis baixo nos convenios de empresa de Ourense, cun 2,71%. Nas revisións salariais o incremento maior deuse nas de empresa de ámbito interprovincial, cun 4,10%, e o menor nas de empresa de A Coruña, cun 2,22%.

A xornada media efectiva por traballador en Galicia descendeu no 2000 un 1,1%, pasando de 1.707 horas/ano en 1999 a 1.687,8 horas de 2000. Esta cifra sitúa a Galicia como a quinta comunidade autónoma con maior xornada media efectiva por traballador, tras Baleares, Canarias, Castela-A Mancha e Madrid, e a segunda con maior taxa de decrecemento, tras Asturias.

Tal e como reflicte o **cadro C.2.11.** (*Xornada media efectiva por traballador segundo sector de actividade. 1999-00*), a xornada media efectiva descende no ano 2000 en Galicia en tódolos sectores respecto ó ano precedente, sendo o sector da construción o único que presenta unha xornada media efectiva superior á rexistrado no conxunto do estado.

A xornada media pactada na negociación colectiva galega no ano 2000 foi de 1.776,8 horas, fronte ás 1.779,1 horas do ano anterior.

Esta xornada foi superior no caso dos convenios de sector que nos convenios de empresa, como amosa o **cadro C.2.10.** (*Xornada media pactada na negociación colectiva 1999-00*). Atendendo ós sectores de actividade, o sector agrario pactou unha xornada media de 1.784 horas, en tanto que dentro dos sectores non agrarios, salienta o sector servizos, cunha media de 1.796,2 horas. A construción foi o sector coa menor xornada media pactada, con 1.760,8 horas.

• Regulación de emprego

En relación cos expedientes de regulación de emprego resoltos en Galicia no ano 2000, o seu número descendeu nun 39,2%, acadando cifra de 362 expedientes, dos que 340 foron autorizados, 7 non autorizados e 16 desistidos. O número total de traballadores afectados ascendeu a 5.071, 1.178 traballadores menos que no ano anterior, dos que 544 (o 10,7%) sufriron a rescisión do seu contrato, 11 traballadores unha redución da xornada e 4.516 (o 89,1%) suspensión do emprego.

A provincia de Pontevedra é a que presenta o maior número de traballadores afectados polos devanditos expedientes, con 3.459 traballadores (68,2%), en tanto que A Coruña é a que

CADRO 2.1.23.

Expedientes de regulación de empleo resoltos 1999-00

1999

	Expedientes					Total cadro de persoal	Total trab. afectados
	Total	Autorizados pactados	Autorizados non pactados	Non autorizados	Desistidos		
A Coruña	233	42	184	3	4	2.644	2.306
Lugo	45	29	7	6	3	413	304
Ourense	8	5		1	2	388	124
Pontevedra	309	68	227	13	1	15.568	3.515
Total	595	144	418	23	10	19.013	6.249

2000

	Expedientes					Total cadro de persoal	Total trab. afectados
	Total	Autorizados pactados	Autorizados non pactados	Non autorizados	Desistidos		
A Coruña	158	110	38	2	8	1.521	1.184
Lugo	38	31	1	4	2	568	371
Ourense	10	9	1	-	-	79	57
Pontevedra	156	76	73	1	6	4.128	3.459
Total	362	226	113	7	16	6.296	5.071

Fonte: Dirección Xeral de Relacións Laborais

CADRO 2.1.24.

Expedientes de regulación de empleo resoltos 1999-00: distribución segundo a causa

1999

Total	FP 01	QSD 03	PT 04	RU 05	RD 06	FMP 08	FM 09	AM 10	TC 12	O 13	P 14	Ot. 15	
Exptes. autorizados	562	1	-	17	1	5	1	426	7	66	21	15	2
Trab. afect.	6.249	3	-	657	1	73	3	3.754	310	596	446	388	18
Trab. reduc. xornada	567	-	-	191	-	20	3	40	14	25	263	-	11
Trab. rescisión	5.672	3	-	466	1	53	-	3.714	296	571	173	388	7
Trab. suspensión	10	-	-	-	-	-	-	-	-	10	-	-	-

2000

Total	FP 01	QSD 03	PT 04	RU 05	RD 06	FMP 08	FM 09	AM 10	TC 12	O 13	P 14	Ot. 15	
Exptes. autorizados	339	2	-	35	1	6	-	160	2	77	41	14	1
Trab. afect.	5.071	27	-	1.218	5	301	-	1.342	252	555	296	1.064	11
Trab. reduc. xornada	11	-	-	11	-	-	-	-	-	-	-	-	-
Trab. rescisión	544	-	-	279	-	26	-	82	7	34	63	53	-
Trab. suspensión	4.516	27	-	928	5	275	-	1.260	245	521	233	1.011	11

FP 01 Falta de produtividade
QSD 03 Quebra, suspensión de pagos, débedas
PT 04 Problemas de tesourería ou financiamento
RU 05 Ruínas ou obras de inmobles
RD 06 Restricción da demanda ou consumo
FMP 08 Falta de materia prima

FM 09 Forza maior
AM 10 Apliación de medidas económicas
TC 12 Técnicas e/ou tecnolóxicas
O 13 Organizativas
P 14 De produción
Ot. 15 Outras

Fonte: Dirección Xeral de Relacións Laborais

CADRO 2.1.25.

Folgas autonómicas 1999-00

	Folgas			Días de folga	Traballadores participantes	Xornadas non traballadas
	Convocadas	Suspendidas	Realizadas			
1999						
Sector	-	-	-	-	-	-
Empresa	6	4	2	18	493	7.409
Total	6	4	2	18	493	7.409
2000						
Sector	4	-	4	4	15.591	30.687
Empresa	5	1	5	24	708	3.256
Total	9	1	9	28	16.299	33.943

Fonte: Dirección Xeral de Relacións Laborais

CADRO 2.1.26.

Folgas provinciais 1999-00

	Folgas			Días de folga	Traballadores participantes	Xornadas non traballadas
	Convocadas	Suspendidas	Realizadas			
1999	100	50	49	280	25.969	131.640
2000		44	44	288	8.881	99.351

Fonte: Dirección Xeral de Relacións Laborais

CADRO 2.1.27.

Repercusión das folgas 1999-00: traballadores participantes e xornadas non traballadas

	1999		2000	
	Traballadores participantes	Xornadas non traballadas	Traballadores participantes	Xornadas non traballadas
	(en miles)			
A Coruña	11,2	80,4	86,9	206,1
Lugo	0,9	1,5	27,4	39,9
Ourense	1,1	1,8	14,7	15,2
Pontevedra	16,1	56,2	39,0	50,2

Fonte: Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales, Boletín de Estadísticas Laborales

registra o maior número de expedientes resoltos, con 158 expedientes (43,6%), seguido de Pontevedra, con 156 (43,1%). A provincia de Ourense foi a única que experimentou un aumento no número de expedientes resoltos (dous máis que no ano anterior), en tanto que Lugo foi a única onde aumentou o número de traballadores afectados polos mencionados expedientes de regulación de emprego (**cadro 2.1.23.**).

En relación ás diferentes causas dos expedientes de regulación de emprego, o **cadro 2.1.24.** amosa que a forza maior, seguida das causas técnicas e/ou tecnolóxicas, son as que

dan lugar a un maior número de expedientes, mentres que as causas de forza maior, problemas de produción e os de tesourería ou financiamento son os que afectan a un maior número de traballadores.

• Conflictividade laboral

En relación á conflictividade laboral, os **cadros 2.1.25.** e **2.1.26.**, amosan o total de folgas autonómicas e provinciais. Ó contrario do ano anterior, cando as seis folgas autonómicas convocadas realizadas foron a nivel empresa, no ano 2000 convocáronse un total de 9 folgas, das

CADRO 2.1.28.

Gañancia media por traballador e mes 1999-00: distribución segundo sectores e categorías profesionais (1)

1999								
	Galicia				España			
	Nº de horas		Gañancia media		Nº de horas		Gañancia media	
	Normal	Total	Ordinarios	Totais	Normal	Total	Ordinarios	Totais
	(nº de horas)		(en pesetas)		(nº de horas)		(en pesetas)	
Industria								
Empregados e obreiros	142,5	144,7	184.322	207.931	143,6	145,0	217.690	245.081
Empregados	142,3	143,7	266.478	306.240	143,8	144,5	295.669	336.146
Obreiros	142,5	145,1	159.732	178.509	143,5	145,3	182.888	204.451
Construcción								
Empregados e obreiros	145,0	145,5	145.527	158.056	145,0	145,7	178.246	193.671
Empregados	144,8	145,1	201.736	225.012	143,5	143,7	254.340	276.996
Obreiros	145,0	145,6	132.627	142.747	145,4	146,2	156.305	169.665
Servicios								
Empregados e obreiros	138,6	139,6	167.597	197.993	138,6	139,6	191.672	219.226
Empregados	142,3	143,7	208.350	251.787	141,7	142,8	229.876	265.345
Obreiros	133,7	134,2	113.926	127.388	133,9	134,7	132.260	147.463
Total								
Empregados e obreiros	141,1	142,5	170.939	196.073	141,2	142,3	199.147	225.147
Empregados	142,5	143,8	221.698	262.851	142,3	143,3	247.023	282.906
Obreiros	140,2	141,7	139.807	155.183	140,2	141,4	159.092	176.813

2000								
	Galicia				España			
	Nº de horas		Gañancia media		Nº de horas		Gañancia media	
	Normal	Total	Ordinarios	Totais	Normal	Total	Ordinarios	Totais
	(nº de horas)		(en pesetas)		(nº de horas)		(en pesetas)	
Industria								
Empregados e obreiros	142,4	145,1	193.132	217.164	143,0	144,5	222.088	251.191
Empregados	141,9	143,2	282.683	323.190	143,3	144,1	299.228	343.227
Obreiros	142,5	145,7	162.742	181.263	142,9	144,7	187.975	210.511
Construcción								
Empregados e obreiros	144,0	144,6	152.939	166.449	144,3	144,9	184.235	201.106
Empregados	143,8	144,2	220.330	243.233	143,2	143,5	259.618	286.821
Obreiros	144,1	144,7	137.462	148.902	144,6	145,4	163.156	177.096
Servicios								
Empregados e obreiros	138,7	139,4	172.917	200.365	138,9	140,0	197.474	225.790
Empregados	141,7	142,6	211.376	249.863	141,7	142,9	236.929	273.977
Obreiros	134,7	135,2	121.902	134.638	134,7	135,6	138.330	153.555
Total								
Empregados e obreiros	141,0	142,4	177.311	201.162	141,0	142,2	203.403	230.325
Empregados	141,9	142,9	229.806	267.491	142,2	143,2	251.992	289.852
Obreiros	140,4	142,1	144.163	159.306	140,1	141,3	163.417	181.321

(1) medias anuais
Fonte: INE, Encuesta de salarios en la industria y los servicios

que 4 foron a nivel sector. Nos 28 días de folga, o número de traballadores participantes ascendeu a 16.299 e o número de xornadas non traballadas foi de 33.943. En canto ás folgas provinciais, o número de folgas realizadas foi de 44 (5 menos que o ano anterior), e o número de días de folga ascendeu a 288 días. O número de xornadas non traballadas e o número de traballadores e traballadoras participantes descendeu nun 24,5% e nun 65,8%, respectivamente.

No ano 2000 prodúcese un aumento importante da repercusión das folgas, aínda que esta foi desigual nas distintas provincias. Respecto ó ano anterior, o **cadro 2.1.27.** reflicte un aumento dos traballadores participantes en tódalas provincias galegas, mentres que no caso das xorna-

das non traballadas, medran en todas agás no caso de Pontevedra, que experimenta un descenso das mesmas (pasa de 56,2 miles de xornadas non traballadas en 1999 ás 50,2 miles no ano 2000).

A provincia de A Coruña foi a que presentou unha maior repercusión das folgas, con 86,9 miles de traballadores participantes e 206,1 miles de xornadas non traballadas, seguida por Pontevedra, con 39,0 miles de traballadores participantes e 50,2 miles de xornadas non traballadas.

• **Custos laborais**

O pago total medio mensual recibido por un traballador, segundo a *Encuesta de Salarios*

en la *Industria y los Servicios* do INE, ascendeu en Galicia a 201.162 pesetas, un 2,6% máis que o rexistrado para 1999, mentres no conxunto do estado esa cantidade ascendeu a 230.325 pesetas. Comparado coas outras comunidades autónomas, o **cadro C.2.8.** (*Ganancia media por traballador e mes 1999-00. Pagos totais*) amosa que Galicia é, ó igual que no ano anterior, a quinta comunidade con menores pagos totais no ano 2000, por diante de Murcia, Extremadura, Castela-A Mancha e Canarias.

(72,2%), Extremadura (72,1%) e Cataluña (70,4%). ■

Os traballadores do sector industrial son os que reciben un maior nivel de pagos totais, con 217.164 pesetas ó mes (o 86,5% do pago total medio no conxunto do estado nese sector), seguido do sector servicios, con 200.365 pesetas/mes (87,8%) e o sector da construción, con 166.449 pesetas (82,8%). Comparado co ano anterior, os pagos totais no sector da construción medran un 5,3%, fronte ó 4,4% do sector industrial e o 1,2% do sector servicios.

Atendendo ás distintas categorías profesionais e tipos de pagos, o **cadro 2.1.28.** reflicte que os pagos totais dos empregados en Galicia ascendeu a 267.491 pesetas ó mes fronte ás 159.306 pesetas dos obreiros. Comparado cos pagos realizados no conxunto do estado, os primeiros significan o 92,3% do total pagado en España, e os segundos o 87,9%.

Se se considera a desagregación por sexos, o **cadro C.2.9.** (*Ganancia media por traballador e mes na industria e nos servicios nas CC.AA. 1999-00. Pagos totais*) reflicte a diferenza existente entre os pagos ás mulleres e ós homes. Segundo os datos da *Encuesta de Salarios en la Industria y los Servicios* referidos ó cuarto trimestre do ano 2000, os pagos totais ás mulleres supoñen o 69,1% dos pagos ós homes fronte ó 71,3% do ano anterior. Asemade, comparado co ano anterior, os pagos totais dos homes medran un 5%, en tanto que os pagos ás mulleres o fan nun 1,7%.

Comparado coas outras comunidades autónomas, Galicia presenta a quinta ratio máis elevada, por detrás de Madrid (73,1%), Canarias

